Memoria 2016

FUNDACIÓN MENELA

40 Aniversario Centro Menela

Fundación Menela

r/ Marqués de Alcedo, 19

36203 VIGO (Pontevedra)

www.menela.gal

FUNDACIÓN MENELA

MEMORIA 2016

Índice

Presentación 5

Fundación Menela 6

- Órganos de Goberno
- Actividade Institucional e Representación

Outras Entidades da Rede Menela 18

- Castro Navás SL
- Fundación Tutelar “Camiño do Miño”
- Participación Familiar. Asociacións de Familias

Servizos 28

- Valoración, Diagnóstico e Orientación
- Atención Temperá e Apoio Integral
- Educación
- Atención a Adultos

Outros Servizos 60

- Atención Psicosocial e Apoio Familiar
- Formación e Desenvolvemento
- Acción Voluntaria
- Centro de Formación
- Proxectos Salientables

Sensibilización Social e Visibilidade 84

Comunicación e Difusión 100

Indicadores de Desempeño 112

- Resultados Económicos
- Desempeño Profesional

Colaboradores e Financiadores 124

40 Aniversario do Centro Menela

Presentación

Corenta primaveras mais para o Centro Menela!...

Parafraseando a famosa frase do mestre Cunqueiro, o lema có que quixemos conmemorar neste pasado ano o 40º aniversario do Centro Menela sérvenos hoxe para presentar esta Memoria de Actividades, que concentra o traballo levado a cabo en 2016 polos profesionais de diagnóstico, atención temperá, educación, centro de día, residencia, respiros, apoio familiar, tutela ... toda a rede de recursos dos que se dota a Fundación Menela para poñer ao servizo das persoas con TEA e das súas familias, e dos que nos sentimos tan orgullosos.

O ano 2016 quedará no recordo da nosa entidade polos logros acadados, as experiencias vividas e as emocións sentidas. Froito do traballo iniciado os meses anteriores, en febreiro obtivemos, para o Centro Castro Navás, a certificación de calidade baixo a norma UNE 158101, sendo a primeira vez que isto acontece en Galicia para un Centro Residencial. Un recoñecemento que reafirma, outra volta, o compromiso de toda a organización coa calidade e coa mellora continua na prestación dos servizos ás persoas con TEA usuarias do Centro e ás súas familias.

A celebración do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo era a oportunidade ideal para conmemorar o cuadraxésimo aniversario da existencia do Centro Menela e non quixemos perder a oportunidade de celebralo por todo o alto. Ademais dos actos no propio Centro e as accións de visualización social dos TEA na sociedade viguesa levados a cabo nos primeiros días do mes de abril, a Fundación Menela quixo agasallar a familiares e amigos cun concerto lírico no Teatro Afundación, que resultou todo un éxito. O acto, presentado pola actriz Uxía Blanco, serviu tamén para renderlle unha emotiva homenaxe ao noso querido amigo e compañeiro Carlos Veiga, quen durante tantos anos foi o responsable da Orquestra Castro Navás.

Un ano tan cargado de experiencias e emocións tiña que ter un colofón que, como mínimo, estivera á mesma altura, e non nos defraudou. Ao longo do último cuadrimestre, toda a organización traballou no que será o II Plan Estratéxico da Fundación Menela, có que queremos afrontar os retos que se presentan ao longo desta segunda década do século XXI. O noso obxectivo é seguir desenvolvendo novos proxectos e iniciativas, asumindo novos retos, renovando ilusións e desexos... xuntar forzas para facer realidade o soño de mil primaveras mais para toda a rede de apoio ás persoas con TEA que é a Fundación Menela.

Así é Fundación Menela

1

FUNDACIÓN MENELA

Contidos

Órganos de Goberno

Actividade Institucional e Representación

A Fundación Menela é unha entidade galega de iniciativa social sen ánimo de lucro, que leva desde 1989 xestionando servizos para a mellora da calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e as súas familias.

Clasificada como Benéfico - Asistencial e de Interese Galego, figura rexistrada como entidade prestadora de Servizos Sociais e recoñecida como entidade de Acción Voluntaria desde 2005.

Pertence como socio de número á Federación Autismo Galicia e Confederación Autismo España.

A súa misión é contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta ás necesidades específicas de apoio ao longo de todo o seu ciclo vital.

Os compromisos que asumimos coa nosa misión, implícannos cunha filosofía orientada á prestación de servizos de calidade baseados na mellora continua e unha aposta pola innovación, a fin de prestar servizos especializados e diferenciados que satisfagan as necesidades e o benestar das persoas usuarias e familias.

O compromiso coa mellora continua, a transparencia, a confianza, a honestidade e ética, o traballo de calidade, o respecto mutuo e a paixón polo saber, son os valores nos que cree e defende, representando o sinal de identidade da fundación.

A Rede de Centros e Servizos para o Autismo e a Dependencia da Fundación Menela está constituída ademais polas entidades Castro Navás SL, empresa de inserción laboral para persoas con TEA que nace en 1998, e a Fundación Tutelar "Camiño do Miño", organización fundada en 2006.

Para dar cumprimento aos seus obxectivos, a Fundación Menela conta cós seguintes Centros:

Servizos Administrativos Centrais
Rúa Marqués de Alcedo, 19 I 36203 Vigo
Tel. 902.502.508
fundacion@menela.org
Contacto: José Manuel Varela Rodríguez

Centro de Educación Especial Menela
Camiño da Veiguiña, 15 I 36212 Vigo
Tel. 986 240 703
ceemenela@menela.org
Contacto: Amparo Maquieira Prieto

Centro de Recursos Edificio CAMI
Rúa Laxe, 3 I 36202 Vigo
Tel. 986 222 023
edificiocami@menela.org
Contacto: Andrea Casabella Fidalgo de Lemos

Centro de Día e Residencial Castro Navás
Rúa Navás, 11 I 36391 Priegue - Nigrán
Tel. 986 365 558
castronavas@menela.org
Contacto:
Pilar Pardo Cambra, Directora Centro Castro Navás
Sonia Álvarez Pérez, Responsable Residencia

Trala auditoría realizada no mes de febreiro por AENOR, os centros e servizos da Fundación Menela e Castro Navás S.L renovaron o certificado de calidade baixo os requisitos da norma UNE-EN ISO 9001:2008, obtendo o Centro de Día e Residencial Castro Navás o certificado de cumprimento da norma UNE-EN ISO 158101:2008, que regula a xestión de centros residenciais e centros residenciais con centro de día ou centro de noite integrado.

O Informe de Auditoría destaca os bos resultados acadados nas enquisas de satisfacción, a xestión da formación e a participación do persoal nas actividades formativas, os horarios personalizados dos usuarios do Centro Castro Navás, e o enfoque claro hacia as persoas con autismo nos diferentes servizos da entidade.

Órganos de Goberno

Consello do Padroado

O Consello do Padroado, máximo órgano de goberno, ten funcións de representación, disposición e xestión da entidade. Na súa composición figuran patróns fundadores, familiares de usuarios e outros profesionais relevantes especialmente sensibles cós fins da Fundación Menela.

Composición do Consello do Padroado da Fundación Menela:

Presidente:	D. Pedro Fernández Puentes (membro fundador)
Vicepresidente:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas (membro fundador)
Secretario:	D. Jose Manuel Varela Rodríguez (non patrono)
Vogais:	Dª. Remedios Parga García (membro fundador)
	D. Jorge Sors Pérez
	D. Carlos Varela García
	Dª. María Isabel González Quiroga
	D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez
	Dª. Julia Jiménez Fernández
	D. Marcos Fernández Álvarez-Santullano
	D. Luís Ángel Fernández Barrio

Na reunión celebrada o 26 de novembro en Vigo, o Consello do Padroado aproba o nomeamento de D. Cipriano Luís Jiménez Casas como Vicepresidente da Fundación Menela. Na mesma, o director xerente da Fundación, D. Jose Manuel Varela Rodríguez, é nomeado Secretario non patrono. Neste acto, ambos aceptan o cargo para o que son designados.

Dirección Executiva

▪ Director Xeral

A Dirección Xeral constitúe o órgano executivo da entidade. A súa misión é garantir o cumprimento das decisións adoptadas polo Consello do Padroado na operativa diaria de xestión contando, nesta tarefa, có apoio dos equipos executivo e de dirección.

O Director Xeral da Fundación Menela é D. Cipriano Luís Jiménez Casas.

▪ Comité Executivo

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinadora Centros:	Dª Paula Estévez Salazar

Órganos de Asesoramento á Dirección

▪ Equipo Técnico de Dirección

O Equipo Técnico de Dirección ten como misión asesorar e apoiar á Dirección Xeral no exercicio das súas funcións, participando no deseño de políticas de actuación que afectan ao conxunto da entidade, así como servir de canle de comunicación entre os diferentes centros e servizos da Fundación Menela.

Director Xeral:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
Director Xerente:	D. José Manuel Varela Rodríguez
Coordinación Centros:	Dª Paula Estévez Salazar
Área Psicosocial:	Dª Pilar Pardo Cambra
Área de Familias:	Dª Mercedes López Francisco
Área Educativa:	Dª Mª Amparo Maquieira Prieto
Área Residencial:	Dª Sonia Álvarez Pérez
Área Económica:	Dª Ana Rodríguez González

Reunión Técnica Estratexia Menela 2020

Órganos Rectores de Centro

- Consello Escolar do Centro Menela

Presidenta:	Dna. Mª Amparo Maquieira Prieto
Fundación Menela:	D. Cipriano Luís Jiménez Casas
	D. José Manuel Varela Rodríguez
	Dna. Mercedes López Francisco
Representación Familias:	Dna. Concepción Moreira Darrocha
	D. Santiago Carrera Blanco
	Dna. Mónica López Camba
Persoal Docente:	Dna. Iria Antuña Domínguez
	Dna. Lourdes Martín Lorenzo
	D. Pedro Martínez Iglesias

Actividade Institucional e Representación

Actividade Institucional

O Consello do Padroado celebrou dúas reunións ao longo do ano que tiveron lugar na Sede da Fundación. Na celebrada no mes de xuño, apróbase as Contas Anuais e a Memoria de Actividades do exercicio 2015 presentada pola Dirección Xeral. Na sesión de novembro póñese en coñecemento e apróbase por unanimidade os Presupostos e o Plan de Acción 2017.

No 2016 mantivéronse 44 reunións de Comité Executivo e 11 de Equipo Técnico. O Consello Escolar e o Claustro de Profesores do Centro Menela mantiveron as reunións trimestrais establecidas e, a Xunta Directiva da Asociación de Familias de Castro Navás, celebrou dúas reunións coa dirección do centro.

Participación en Redes de Traballo

▪ Confederación Autismo España

Mantívose vixente a Comisión de Emprego, un proxecto iniciado en 2014 có apoio da Sociedade de Artistas, Intérpretes e Executantes que, integrado por 9 técnicos especialistas, traballa para desenvolver materiais e documentación dirixidos á formación para o emprego, deseño de recursos para a transición á vida adulta, concienciación e sensibilización do texido empresarial.

Actividades que se desenvolveron en 2016:

▫ Sesión presencial: 7 de marzo de 2016 na sede da CAE (Madrid).

▫ Aportacións á convocatoria de Promoción do Emprego de persoas con TEA (Fundación ONCE- 2016/2017). Programas presentado: Mellora e adquisición de equipamento da lavandería industrial Castro Navás para incrementar a actividade diaria e ampliar o número de persoas que poden participar no proceso formativo de habilidades sociolaborais nesta contorna de traballo.

▫ Sesión presencial: 11 de novembro no Centro Castro Navás. Recollida de datos para o Estudio de Emprego e Inclusión Laboral para xerar coñcemento sobre a realidade actual do emprego para persoas con TEA.

▪ Centro Español do Autismo

Neste ano continuou o traballo de aportacións de contidos ao proxecto Educación de adultos con autismo. Programa enfocado á orientación e preparación para a inserción laboral promovido polo Centro Español do Autismo.

Estudo de Emprego e Inclusión Laboral. Autismo España

▪ Federación Autismo Galicia

O Director Xeral e o Director Xerente da Fundación Menela mantiveron, respectivamente, os cargos de Tesoreiro e Vicepresidente, e Secretario da Xunta Directiva de Autismo Galicia. No exercicio de representación e dirección propios dos seus cargos, ambos participaron nas catro xuntas directivas e dúas asambleas xerais celebradas.

Neste ano, Cipriano L. Jiménez, xunto a Ricardo Toucela e José Antonio García, foron nomeados Socios de Honra de Autismo Galicia, polo seu compromiso, aportación e labor profesional na mellora da calidade de vida das persoas con TEA ao longo destes 20 anos.

Fundación Menela mantivo a súa participación na Comisión de Sanidade da FAG có obxectivo de establecer criterios de actuación coordinados e consensuados para a abordaxe da saúde e atención das persoas con TEA, e fortalecer a capacidade de incidencia técnica e política no deseño e implementación de medidas de atención sanitaria por parte da Administración Pública. No 2016 realizáronse dúas reunións de traballo, o 23 de marzo en Vigo e o 21 de xullo en Santiago de Compostela, iniciándose a recompilación de datos nos Rexistros de Saúde para o Estudio relacionado coa saúde e atención sanitaria das persoas con TEA.

▪ Grupo de Xerentes

Có obxecto de intercambiar coñecemento e informacións, establecer liñas comúns de traballo e compartir experiencias, un grupo de xerentes de entidades de atención á diversidade funcional das provincias de Pontevedra e A Coruña organizan unha reunión, de periodicidade mensual, que conta coa participación do xerente da Fundación Menela. A heteroxeneidade dos colectivos que representan, das formas xurídicas baixo as que están constituídas, do seu tamaño e historial, fai que estas reunións sexan ricas en aportacións e no enfoque dos temas tratados e nas solucións adoptadas.

Promovido polo Grupo de Xerentes, o Grupo de Directores e Técnicos reúnense tamén cunha periocidade mensual en cada unha das entidades sociais que se representan; unha oportunidade para coñecer de primeira man o traballo que se realiza en cada unha delas, ao mesmo tempo que se expoñen experiencias e se comparte información sobre criterios de organización e funcionamento de cada un dos centros de atención.

▪ Área Psicosocial

Neste 2016 participamos nas reunións de traballadoras sociais as que asisten una treintena de entidades da provincia de Pontevedra, có obxectivo de poñer en común temas e dificultades do traballo diario, así como de estar ao día das políticas e normativa actual dentro da área de discapacidade e dependencia.

Representación Institucional

Durante o ano 2016 a Fundación Menela mantivo un encontro de traballo có conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela para avanzar na posta en marcha da nova residencia para persoas adultas con TEA. Ao longo do mesmo sucedéronse diferentes reunións con técnicos da Consellería de Política Social nas que se abordaron os procedementos para realizar os trámites de traslados de persoas usuarias entre centros, así como xestións para a autorización de apertura e posta en funcionamento do novo módulo residencial en Nigrán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Fundación Menela, asinaron un convenio de cooperación educativa para colaborar na atención do alumnado con TEA, participando a entidade na reunión de traballo liderada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, para abordar os retos da educación inclusiva en Galicia.

Ao longo do ano celebráronse tamén diferentes reunións có alcalde do Concello de Vigo, Concelleiro de Deportes, Concelleira de Política Social e Concelleira de Educación desta cidade, así como có alcalde do Concello de Nigrán para a posta en marcha de actividades que responden aos fins da Fundación Menela.

Así é Fundación Menela

2

OUTRAS ENTIDADES DA REDE MENELA

Contidos

Castro Navás S.L

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

Participación Familiar. Asociación de Familias

Castro Navás S.L

Creando oportunidades para mellorar a Calidade de Vida das persoas con TEA

Como resultado dos Proxectos Europeos Horizón II e III nace, en 1998, CASTRO NAVÁS S.L, sociedade dependente da Fundación Menela. O obxecto social da empresa é dar resposta á falta de recursos no ámbito laboral para as persoas con discapacidade e ofrecer un servizo á comunidade na que se asenta, promovendo actividades económicas nas que as persoas con e sen TEA compartan equipos de traballo e responsabilidades. Na súa traxectoria, Castro Navás S.L foi dirixindo a súa actividade cara distintas áreas comerciais como a agropecuaria, produción de artigos de agasallo, conservas e marmeladas, lavandería industrial e fisioterapia.

Coa súa creación, Fundación Menela defende unha Estratexia de Inclusión Laboral baseada no emprego ordinario nun contorno laboral favorable, onde persoas con e sen discapacidade se apoian mutuamente implicándose de igual

En Castro Navás S.L buscamos o equilibrio social e económico, de forma que sexamos unha empresa viable cunha rentabilidade económica que nos permita impulsar o compromiso de avanzar hacia una inclusión social e laboral das persoas adultas con TEA.

Colaboracións con empresas

Desde Castro Navás S.L, mantense a colaboración e impulso de liñas de apoio que repercuten na calidade das experiencias de formación e emprego, ben pola creación dun maior número de oportunidades laborais que atendan as motivacións e intereses das persoas con autismo e/ou polo mantemento das xa existentes.

A Lavandería Industrial mantén a carteira de clientes procedentes de diferentes sectores de actividade: establecementos hoteleiros e de restauración, residencias de estudantes e colexios maiores, e os propios centros da Fundación Menela. Neste periodo mantén a certificación baixo a norma de calidade ISO 9001-2008 outorgada por AENOR.

O obradoiro de Conservas e Marmeladas có Nº de Rexistro Sanitario: 21.17437/PO mantén desde 2013 relación coa empresa Frutas Nieves S.L para a comercialización de marmeladas elaboradas con froitas de tempada. Dende marzo contamos cun novo punto de venda na tenda que está situada na rúa Marqués de Valladares e, a finais de ano, deuse de baixa punto de venda no Centro Comercial Gran Vía motivada polo peche da tenda. Mantéñense 5 puntos de venda. Neste último periodo diminuiron as ventas ao comezar Frutas Nieves a comercializar marmeladas proipias. No ano 2016, elaboráronse un total de 2084 unidades en presentacións de 40, 100 e 225 gr.

Na área agropecuaria mantense a colaboración coa emprega galega Frutas Villar para a venda de cultivos da horta na súa rede de establecementos.

Na liña de elaboración de produtos de agasallo engadir, á actividade propia do obradoiro, a participación noutras accións non produtivas como son o a elaboración de máscaras para participar no concurso CARLÍN Entroido, a elaboración de testigos para participar na campaña do DMCA 2016, #pasaopoloautismo, e a decoración do centro en días especiais como son o Entroido, o Magosto ou o Nadal.

Desde 2012 mantense a colaboración entre a empresa Embalajes Armando S.L.U, Fundación Menela e Autismo Galicia, para desenvolver un proxecto formativo e de emprego con apoio centrado na elaboración de tapas para as caixas de mariscos e moluscos. Neste 2016 realizáronse un total de 10.540 tapas de madeira.

Mantense tamén, desde o 2015, o contacto e colaboración coa empresa COREN cun proceso de traballo baseado na realización de diferentes actividades de manipulado, que inclúen tarefas de etiquetado das caixas de Paté Tradicional Vettonia, montaxe de estuches e embalaxe dos mesmos.

Destas experiencias formativas e de promoción do emprego cabe sinalar un crecemento sostible, tanto no que se refire ao número de persoas que participan nelas, dotación de material e nivel de produción, así tamén os resultados obtidos na adquisición e desenvolvemento de competencias sociolaborais por parte das persoas adultas con TEA.

Castro Navás conta con dúas furgonetas no centro para facer o Servizo de Reparto. Con esta actividade, motivadora para un gran número de persoas usuarias, favorecemos a inclusión social e a participación activa na nosa comunidade, contribuíndo a xerar unha imaxe social positiva.

En 2016 participamos nas edicións de xuño e decembro da Campaña De Boa Man, unha iniciativa que, promovida pola Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo, pretende involucrar ao tecido social da cidade e ofertar un comercio alternativo para diferentes entidades que traballan con persoas con diversidade funcional.

Neste ano participamos no encontro empresarial “Multiplica resultados aproveitando fortalezas” organizado por CEGASAL (Asociación Empresarial Galega de Centros Especias de Emprego sen Ánimo de Lucro) coa colaboración do Círculo de Empresarios de Galicia (Xestión da diversidade nas empresas a través da inserción laboral de personas con discapacidade, a aposta pola responsabilidade social empresarial e xerar novas oportunidades comerciais).

Fundación Tutelar “Camiño do Miño”

A Fundación Tutelar nace por un acordo do Padroado da Fundación Menela do 25 de novembro de 2006 coa misión de “Proporcionar protección e garantía efectiva dos dereitos dos seus tutelados para acadar a súa integración plena na sociedade e a súa óptima calidade de vida, promovendo a pluralidade e o respecto á diferenza”

O Consello do seu Padroado está composto por:

Presidenta: Dª Isabel González Quiroga

Secretario: D. Cipriano Luís Jiménez Casas

Vogais: D. José Manuel Varela Rodríguez,

D. Luís Angel Fernández Barrio

Con domicilio social na rúa Xoanelo, 2 baixo (Vigo), a Fundación Tutelar “Camiño do Miño” está clasificada como Fundación de Interese Social por Orde da Xunta de Galicia do 5/06/2007 e declarada de Interese Galego por Orde do 14/08/2007.

Durante o ano 2016 a acción da Fundación Tutelar Camiño do Miño estivo centrada na xestión dos intereses do seu tutelado así como a atención das consultas que lle foron plantexadas por distintas familias de usuarios do Centro de Día e Residencial Castro Navás da Fundación Menela.

Participación Familiar. Asociación de Familias

As asociacións de familias participan na vida dos centros colaborando na financiación de actividades inclusivas, actividades deportivas, sociais, educativas e culturais que se realizan na contorna comunitaria de Vigo e a súa área metropolitana.

Os Equipos de Dirección das asociacións de familias dos Centros da Rede Menela están formados por:

ANPA Centro Menela:

Presidenta:	Dna. Mª Montserrat Troncoso
Vicepresidente:	D. Rafael Cuiñas
Secretaria:	Dna. Mónica López
Tesoureira:	Dna. Elena Rodríguez

Asociación Familias Castro Navás

Presidente:	D. Eloy Alonso Misa
Secretaria:	Dna. Esperanza Martínez Míguelez
Tesoureira:	Dna. Josefa Gómez Borrajo
Vogais:	D. Benito González
	Dna. Victoria Cueto
	Dna. Mª Carmen Pereira
	D. Luís Santiago González

O traballo de todo un equipo

3

SERVIZOS
DA REDE MENELA

Contidos

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Atención Temperá e Apoio Integral

Educación

Atención a Adultos

Valoración, Diagnóstico e Orientación

Especializado na valoración, diagnóstico e orientación de persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, este servizo realiza valoracións e diagnósticos mediante a aplicación de probas específicas en TEA (ADI-R, ADOS-2, Escala Autónoma para a detección da Síndrome de Asperger, Autismo de Alto Nivel de Funcionamento) e criterios internacionalmente aceptados (DSM-5; CIE-10), seguindo as Boas Prácticas recoñecidas sobre diagnóstico e detección do Autismo (Grupo GETEA. Instituto de Salud Carlos III).

O Servizo de Valoración e Diagnóstico atende a toda persoa que manifeste síntomas ou sospeitas de TEA (sinais de alerta, programa de cribado con resultado positivo, grupo de risco), realizando revisións e seguimento de casos derivados de recursos sociais, educativos, sanitarios, ou das propias familias. Trala confirmación do diagnóstico facilítase un axeitado asesoramento de servizos de intervención ou apoio en función das necesidades individuais e/ou familiares.

O Servizo de Valoración e Diagnóstico está composto por dúas psicólogas sanitarias con experiencia e cualificación para aplicar probas que permiten avaliar á persoa.

A finais de 2016, incorpórase ao servizo Leticia Gómez Conde, psiquiatra con amplia formación e experiencia na valoración diagnóstica especializada no Trastorno do Espectro do Autismo, có obxectivo de dar soporte e reforzar o servizo nos casos a partir dos 12 anos de idade.

O Servizo de Psicoloxía en Centro de Diagnóstico figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255.

Durante o ano 2016 o Servizo de Diagnóstico emitiu 23 Informes Diagnósticos, seguindo criterios do DSM - 5.

21 Diagnósticos TEA.

1 Diagnóstico TEA - Síndrome de Down.

1 Excluido Diagnóstico TEA.

A intensidade de apoio reflectida no diagnóstico, segundo a gravidade ou severidade da sintomatoloxía que se presentan nas dúas principais áreas do desenvolvemento que se atopan alteradas nos TEA:

NIVEIS DE INTENSIDADE	Comunicación e Interacción Social	Intereses Restrinxidos e Condutas Repetitivas
Nivel 1 “require apoio”	11	10
Nivel 2 “require apoio substancial”	5	9
Nivel 3 “require apoio moi substancial”	6	3

A continuación recóllese o xénero e idade, así como o lugar de procedencia dos casos atendidos:

IDADE E XÉNERO	H	M
<6 anos	15	2
7-14 anos	1	
15-24 anos	5	

LUGAR PROCEDENCIA	
Vigo e Area Metropolitana	15
Provincia Pontevedra	6
CCAA Galicia	2

Atención Temperá e Apoio Integral

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral diríxese a nenos e nenas de 0 a 6 anos (Atención Temperá) e de 6 en diante (Apoio Integral), as súas familias e ao seu contorno, có obxectivo de dar resposta ás necesidades transitorias e permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou que están en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

Especializado na intervención con nenos e nenas con TEA, o servizo está composto por un equipo de cinco terapeutas acreditadas como Psicólogas Sanitarias, que no seu traballo diario seguen o marco xeral establecido polo ***Libro Branco de Atención Temperá*** (2000). A coordinación eficaz có sistema sanitario, educativo e os servizos sociais garante un modelo único de intervención, intensiva e especializada, que incide de xeito positivo no proceso evolutivo.

En 2016 o SAI prestou atención terapéutica a 106 nenos e nenas.

Na práctica clínica realizáronse as seguintes sesións:

3.350 sesións individuais

20 sesións conxuntas

358 sesións grupais

42 visitas a Centros Escolares

A continuación recóllese o xénero e idade, así como o lugar de procedencia dos casos atendidos:

IDADE E SEXO	H	M
<6 anos	27	3
7-14 anos	52	7
15-24 anos	13	4

LUGAR PROCEDENCIA	
Vigo e Area Metropolitana	90
Provincia Pontevedra	15
CCAA Galicia	1

Fundación Menela ten dados de alta, dentro dos Servicios de Promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais:

- Servizo de Atención Temperá (de 0 a 6 anos)
- Servizo de Atención Psicomotriz (a partir de 6 anos)
- Servizo de Estimulación Cognitiva (a partir de 6 anos)
- Servizo de Estimulación Sensorial (a partir de 6 anos)
- Servizo de Logopedia (a partir de 6 anos)

O Servizo de Psicoloxía en Centro Atención Temperá figura desde o ano 2014 inscrito no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios có número C-36-002255.

O Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral forma parte da ***Asociación Galega de Atención Temperá*.**

Encontro Irmáns

Construindo pontes de comprensión

No mes de xullo deron comezo os Encontros de Irmáns de persoas usuarias do Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral. Dirixidos por Ana Moure, terapeuta do SAI, deron resposta á necesidade que teñen os irmáns de coñecer as características das persoas con TEA, contar cun lugar para a expresión, apoio emocional e encontro con outras persoas que viven unha situación similar, ao mesmo tempo que se lle facilitan os apoios e recursos precisos para enfrontarse a situacións conflitivas que poidan xurdir no ámbito familiar e na vida social.

Ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro celebráronse cinco encontros no Edificio CAMI, nos que articiparon irmáns de idades comprendidas entre os 6 e os 15 anos de idade.

O Edificio CAMI conta cunha Sala de Estimulación Multisensorial que responde aos parámetros das salas tipo Snoezelen; un espazo de traballo terapéutico dotado de diferentes elementos visuais, auditivos, olfactivos e táctiles que favorecen o espertar sensorial a través da propia experiencia sensorial. Inaugurada en 2011 e financiada pola Fundación Inocente Inocente, reforza as actividades terapéuticas da Rede Menela.

Programa de Habilidades Sociais

O programa de habilidades sociais continuou neste 2016 da man de dúas terapeutas do SAI, Leticia Prado e Julia Cerrada, quenes traballaron con 36 rapaces, 31 nenos e 5 nenas de idades comprendidas entre os 6 e 21 anos de idade. Están distribuidos en 7 grupos de 3 - 7 rapaces cada un.

Durante este ano diseñáronse e desenvolvéronse actividades que abranguen as diferentes áreas de desenvolvemento: área social (habilidades sociais, teoría da mente e conciencia emocional), comunicación e linguaxe (conversación e habilidades pragmáticas), simbolización e xogo (habilidades de xogo), flexibilidade e funcións executivas (flexibilidade cognitiva e condutual, autocontrol e solución de problemas).

O programa desenvolveuse nas instalacións do Edificio CAMI, simulando contornas reais, e espazos naturais, có obxectivo de afianzar e xeneralizar as habilidades adquiridas na terapia individual, así como fomentar o ocio e o desfrute do tempo de lecer con iguais.

Investigación

Ao longo do 2016 o SAI estivo implicado nos seguintes proxectos de investigación coa Universidade de Vigo:

- Estudo de psicomotricidade de nenos e nenas con autismo en idade infantil.
- Análise da motivación intrínseca en estudantes con TEA de Nivel I.

Ao peche do ano ambos estudios atópanse na fase de recollida e análise de información.

En 2016 as profesionais do servizo traballaron nunha proposta concreta de documento e metodoloxía de Plan de Intervención Individual que foi incorporada ao Procedemento de Atención Temperá e Apoio Integral. Así tamén mantivéronse as reunións de coordinación/xestión de todos os membros do equipo.

Detección e Diagnóstico do Trastorno do Espectro do Autismo

Os TEA detéctanse, diagnostícanse e trátanse moi tardiamente. Os sinais de alerta, en moitas ocasións, pasan desapercibidos ou se minimiza a súa importancia ata etapas mais avanzadas do desenvolvemento, o que ocasiona un retraso importante no acceso ao diagnóstico e á intervención especializada. De maneira complementaria, e có obxectivo de avanzar na detección e diagnóstico, o equipo de profesionais que integran o servizo participa de forma continuada no asesoramento de profesionais de diferentes contextos vinculados ao desenvolvemento infantil (sanitario, educativo e social) para detectar sinais de alarma (sinais e manifestacións, ferramentas de cribado M-CHAT), e proceder a derivación para a avaliación e diagnóstico especializado, de forma que se garanta a inclusión nun programa de intervención temperá e se mellore o seu prognóstico.

Un xesto que orixine un cambio

Neste 2016 participamos da programación artística de GESTO-VGO có pintor Dario Basso.

Acompañados polo músico Teo Cardalda, o artista plástico Lois Patiño e o showman Sergio Pazos, traballamos elementos de integración sensorial, habilidades sociais, recoñecemento e interpretación de emocións a través da arte.

Educación

O Centro de Educación Especial Menela escolariza a nenos e nenas en idade escolar (de 3 ata 21 anos), con diagnóstico de Trastorno do Espectro do Autismo e discapacidade intelectual asociada.

Concertado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia desde o ano 1986, estrutúrase en 8 unidades de educación especial. O equipo educativo está composto por 17 profesionais, 8 profesores titulares de unidade, 2 profesores de apoio, 1 Logopeda e 6 auxiliares técnicos educativos, contándose có seguimento e orientación da Psicóloga da Fundación Menela, e coa colaboración e asesoramento ás familias por parte da Traballadora Social.

En 2016 matriculáronse 32 alumnos:

- Educación Infantil: 0
- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): 23
  - 13 alumnos menores de 12 anos.
  - 10 alumnos entre 12 e 16 anos.
- Transición á Vida Adulta: 9

Cinco alumnos da ESO estiveron escolarizados en modalidade combinada con centros ordinarios públicos e privados concertados de Vigo.

Procedencia Alumnado

Concello Moaña	1	Concello Nigrán	1
Concello Cangas	2	Concello Pontevedra	1
Concello Redondela	2	Concello Vigo	25

O CEE Menela ofrece tamén:

- Servizo de Trasporte Escolar
- Comedor Escolar
- Servizo de Limpeza

Acción Educativa

O equipo educativo do Centro Menela traballa en base a programacións individualizadas, proporcionando ***apoios específicos*** a cada un dos alumnos, con independencia da intensidade - gravidade do cadro clínico que presenten, para axudarlles a dar sentido ó mundo e mellorar a súa vida, a través dunha metodoloxía baseada nos SAAC, habilidades adaptativas, estrutura ambiental (física - temporal), programas de desenvolvemento de habilidades mentalistas e comprensión de emocións. No proceso educativo, a coordinación e colaboración das familias é fundamental, aportándonos información moi valiosa para levar a cabo a acción educativa (a través do ***Caderno Viaxeiro*** e entrevistas de titoría).

O perfil do alumnado, atendendo aos resultados do ICAP aplicado neste 2016, segundo os niveis de apoio e de supervisión requirida, é o seguinte:

- Coidado persoal limitado/supervisión regular: 3 alumnos (9,37%)
- Coidado persoal regular/supervisión próxima: 5 alumnos (15,92%)
- Coidado persoal grande/supervisión constante: 10 alumnos (31,25%)
- Coidado persoal total/supervisión intensa: 14 alumnos (43,76%)

Actividades Pedagóxicas

As actividades enmárcanse no concepto aprendizaxe por contornas significativas, procurando experiencias que permitan unha maior autonomía en todos os ámbitos da vida diaria.

As aprendizaxes están vinculadas a un espazo vital e social, garantindo así a súa funcionalidade; buscando espazos naturais para transferilas.

Autonomía Persoal e Funcionalidade

Son actividades destacadas dentro do proceso de ensinanza - aprendizaxe:

Comedor:

Xantar e Aperitivo

Obradoiro doméstico

Obradoiro cociña

Coñecemento de alimentos, utensilios básicos de cociña, preparación de menús sinxelos, comportamento na mesa e adecuada inxesta de alimentos.

Secretaría, fotocopiado e plastificado

Xestión do correo interno envío de circulares do centro, fotocopia e plastificado de materiais.

Reciclado de materiais

Recados e compras no hipermercado

Atopar os productos e realizar a compra facendo a lista. Poñer en práctica o uso da moeda.

Actividades Deportivas

As actividades deportivas desenvolvéronse no Pavillón Municipal de Coia (Educación Física) e no Pavillón Municipal das Travesas (Natación), instalacións cedidas polo Concello de Vigo.

A actividade de Educación Física realízase tódolos martes e mércores do ano, sendo responsables da mesmas o profesorado e os ATES. En natación participan 31 alumnos, quenes acoden todos os luns e xoves a piscina contando có apoio de 9 monitores de natación durante a execución da actividade.

CLUBE DEPORTIVO MENELA

NATACIÓN	ATLETISMO	CAMPO A TRAVÉS
6.04.2016	18.05.2016	02.03.2016
A Cañiza	Vilagarcía de Arousa	Vigo
13 alumnos	15 alumnos	3 alumnos
5 medallas	7 medallas	-

Campionatos organizados pola Federación Galega de Deporte

CAMPIONATO GALEGO TENIS DE MESA	2ª XORNADA BADMINTON
16.03.2016	26.05.2016
MERCANTIL	ETEA
1 alumno	3 alumnos

Xardinería e Medioambiente

Ao longo do ano, coidamos e mantemos o xardín do colexio Menela, e preparamos as sementes e plantas no invernadoiro para o seu posterior transplante.

Programa Medioambiental "VOZ NATURA"

Participaron 10 alumnos de tres grupos do ciclo de maiores de 12 anos, nunha nova edición do programa VOZ NATURA, patrocinado polo diario La Voz de Galicia e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

Adicado este ano ao papel reciclado, o proxecto do CEE Menela centrouse en realizar produtos finais a través de diferentes materiais (periódicos, axendas, cartóns, etc.). Os regalos do día do pai e da nai, os cabezudos do entroido e o Belén, premiado con un áccesit e outorgado por Afundación, fon algúns dos produtos artesanais elaborados.

Musicoterapia

Neste curso todos os alumnos participaron novamente na actividade de música impartida por profesionais da Fundación IgualArte, traballáronse contidos referidos a percusión, a música e o movemento, recoñecemento e execución de instrumentos con cancións e xogos, procurando que todas as audicións musicais teñan unha forma moi activa e motivante para todos os nenos. Tódolos grupos continuaron familiarizándose coa aprendizaxe da linguaxe musical (lectura, escritura e execución das notas musicais).

Actividades de Proxección Social

Saimos das aulas para complementar o proceso de ensinanza - aprendizaxe, experimentar coa contorna e potenciar a transferencia das aprendizaxes adquiridas. A participación en diversas actividades programadas deunos a oportunidade de desenvolver un sentimento de pertenza e implicación coa cidade de Vigo e a súa área metropolitana a través do coñecemento, achegándonos a espazos de cultura, paisaxes, patrimonio e infraestruturas.

No centro cultural de Afundación gozamos de obras teatrais como ***Alice***, ***Aurora Elefante Elefante***, ***Estamos de verán***, e musicais como ***Cousas de 4 e Mamá Cabra.*** No marco de VIGO EDUCA visitamos o Parque de Bombeiros, Roteiro de Candeán, o Zoolóxico de Vigo e fixemos una ruta de sendeirismo por Zamáns. Con Vitrasa viaxamos por Vigo no Bus Turístico e participamos na carreira Correlingua para dinamizar o Galego.

Sinalar tamén a celebración de festas tradicionais, aniversarios, o DMCA e 40 Aniversario do Centro Menela, a festa de fin de curso en Mundo Pirata Park e diversas excursións (Borreiros, Baiona, Sanxenxo, Talaso Moaña, Muiños de Barosa), nas que participaron todo o alumnado.

Festa Fin de Curso e 40 aniversario Centro Menela

O 22 de xuño, foi a data elixida para celebrar a festa de fin de curso. Un día moi especial xa que, rodeados de familias, nenos e profesionais, conmemoramos o 40 aniversario do Centro Menela.

A festa foi o marco perfecto para presentar a película conmemorativa do 40 Aniversario do Centro Menela e os traballos realizados polo alumnado con fotografías e mensaxes emotivos dirixidos as súas familias. Neste día, contamos coa intervención do director xeral da Fundación, Cipriano L. Jiménez, quen fixo un breve relatorio dos inicios do CEE Menela.

Visitas e Colaboracións

En 2016 recibimos a visita de profesionais vinculados ao mundo do ensino, tanto da Universidade como dos centros de educación ordinarios que teñen escolarizados a alumnos con TEA, e que precisan asesoramento na práctica educativa.

19.05.2016.- Profesorado de Educación Infantil e Primaria do CEIP Carballal Cabral.

19.04.2016.- Orientador e Xefa de Estudios do CEE Saladino Cortizo.

06.06.2016.- Directora e Orientador do CEE San Xerome de A Guarda.

14.06.2016.- Psicóloga Universidade de Oviedo.

Abril e Xuño. Entrevistas de orientación coas responsables da área educativa de Down Vigo.

Neste ano, colaboramos coa Universidade de Oviedo e INICO (Universidade de Salamanca) na elaboración do cuestionario sobre Calidade de Vida de escolares con TEA: ESCALA KIDSLIFE .

Atención a Adultos

O Centro de Día e Residencial Castro Navás é un servizo específico de apoio, configurado como dispositivo de atención integral, preventiva e habilitadora, destinado ao aloxamento temporal e permanente de persoas maiores de 16 anos con discapacidade intelectual, especialmente con TEA, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado e/ou en situación de dependencia.

Nado en 1993, ao longo destes anos consolídase unha estrutura organizativa baixo o lema “a única inclusión posible non pode ser outra que a través do traballo", onde as actividades terapéuticas articúlanse ao redor das áreas agropecuaria, conservas e marmeladas, manualidades e lavandería industrial, complementándose coas vinculadas á creación e expresión artística, promoción da saúde e atención sociosanitaria, e tempo de lecer.

Un equipo interdisciplinar composto pola directora de centro, responsable de residencia, 7 técnicos (Psicóloga, Traballadora Social, Fisioterapeuta, Psicomotricista, DUE, Terapeuta Ocupacional e Axente de Emprego), 4 responsables de obradoiros, 2 monitores, 21 coidadores e persoal de servizos, traballa de forma colaborativa según o Plan de Atención Individualizado, promovendo oportunidades e facilitando apoios para potenciar o desenvolvemento da autonomía e capacidades persoais, e favorecer a inclusión social e laboral.

Financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, mediante un Contrato de Xestión de Servizo Público e pola aportación das familias, conta con 60 praza autorizadas en Centro de Día e 41 en Residencia, cunha ocupación de 55 e 38 prazas, respectivamente, en 2016.

O Centro Residencial ofrece servizos en réxime de internado (con e sen fin de semana), estadías temporais e estadías de emerxencia social.

En outubro de 2016 a dirección xeral da Fundación Menela nomea a Pilar Pardo Cambra, directora do Centro Castro Navás, en substitución de Paula Estévez Salazar, quen ata o momento compatibilizaba este cargo coa coordinación de servizos da Fundación.

A 31 de decembro, o Equipo de Dirección está composto por:

Directora: Pilar Pardo Cambra.

Responsables de Residencia: Sonia Álvarez Pérez

O marco de actuación no proceso de atención e intervención que promovemos toma como referencia o modelo de Calidade de Vida, fundamentándose en procesos de planificación centrada na persoa e na definición do servizo como lugar de vida e de traballo, onde a persoa poida desenvolver o seu proxecto vital.

Atendendo ao recoñecemento efectivo dos dereitos das persoas con discapacidade, xeramos espazos pensados desde o ***benestar material,*** a partir de estratexias para potenciar procesos saudables de ***benestar físico*** e desde as ***relacións interpersoais***, procesos de ***autodeterminación*** e ***toma de decisións*** que permitan o ***desenvolvemento persoal***, a ***inclusión social*** e, en definitiva, o ***benestar emocional***.

Obradoiros Terapéuticos

O desenvolvemento de competencias sociolaborais é posible gracias o labor que se desenvolve nos obradoiros terapéuticos, cada un deles coordinado por un profesional especializado na rama de traballo: agropecuaria, cós traballos na horta, animais e xardinería, manualidades con velas e xabróns, papel reciclado e tear, conservas e marmeladas e lavandería industrial. Súmase o obradoiro de elaboración de tapas, manipulados e o servizo de reparto. Neste eido as estratexias formativas responden a un ***traballo en positivo,*** aos ***intereses e habilidades*** de cada persoa, apóianse en ***SAAC*** e nunha ***estruturación de tempos e tarefas*** fixa, á vez que flexible.

INICIATIVAS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Educación Permanente para persoas Adultas con Autismo

- Educación de adultos con Autismo. Programas de intervención orientados a calidade de vida e ao benestar.

18 persoas con TEA, 4 mulleres e 14 homes, participaron en diferentes programas dirixidos á rehabilitación de funcións executivas e cognitivas, mellora da competencia social e emocional, e o fomento de emprego con apoio.

Promovido polo Centro Español do Autismo e financiado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, desenvolveuse en Castro Navás no primeiro semestre do ano.

▪ Formación na empresa ordinaria de persoas con TEA

8 persoas participaron, por segundo ano consecutivo, no proxecto "Aportando Valor", formándose para realizar tarefas de auxiliar de cociña nunha contorna de traballo real. As aprendizaxes adquiridas incidiron de xeito positivo no desenvolvemento de habilidades de autonomía e vida no fogar. Financiado pola Red Solidaria Bankia foi posible á colaboración de Alprinsa – Ausolán, empresa responsable do catering en Castro Navás.

▪ Estudio de Emprego e Inclusión Laboral. Autismo España

En novembro recibimos á técnica de investigación da CAE, Marta Plaza, e á axente de emprego da FAG, Ángela Goiricelaya, có motivo do estudo da comisión que busca xerar coñecemento sobre a realidade actual do emprego, aportar ideas forza de cómo xerar oportunidades laboráis, e indagar sobre os factores que favorecen o mantemento do posto de traballo.

Participaron nas entrevistas:

- 1 Familia do Centro Castro Navás.
- 4 Técnicos de atención psicolóxica/emprego.
- 1 Xerente vinculado ao texido empresarial.
- 4 Persoas con TEA: 3 homes e 1 muller de idades comprendidas entre 25 e 45 anos, con experiencia formativas/laboráis.

Promoción da Saúde

Atención Sociosanitaria

O programa de atención á saúde céntranse no establecemento de pautas xerais de control médico e de saúde; control da evolución de tratamentos e establecemento de recomendacións sobre tratamentos individualizados; atención sanitaria; acompañamento a centros de saúde; xestión da medicación; control da alimentación e nutrición; desensibilización médica ao ámbito da saúde; comunicación e coordinación cos recursos sanitarios da comunidade; e procura de información aos profesionais sanitarios.

Servizos sanitarios e número de visitas realizadas en 2016:

Atención Primaria:

Centro de Saúde Val Miñor: 13 visitas

Clínica Médica (Seguro Médico Privado): 2 visitas

Urxencias:

Val Miñor: 12 visitas

Hospital Povisa: 1 visita

Hospital Álvaro Cunqueiro: 1 visita

Atención Especializada:

Unidade de Saúde Mental (Val Miñor): 10 visitas

Psiquiatría (Dr. Benavente): 1 visita

Neuroloxía (Hospital Povisa): 1 visita

Dermatoloxía (Hospital Povisa) 2 visitas

Odontoloxía (Unidade de Pacientes Especiais da USC): 5 visitas

A Consellería de Sanidade apoia en 2016 o desenvolvemento do programa sociosanitario:

Promoción e prevención da saúde bucodental en persoas con TEA.

Benestar Físico

Os programas de fisioterapia, psicomotricidade e actividade física abranguen a intervención no ***medio acuático***, aproveitando a presión hidroestática e viscosidade da auga, e na ***sala de fisioterapia, psicomotricidade, ximnasio e parque biosaudable***, có uso de material lúdico e terapéutico. Inciden na estimulación motriz, visual, coordinación e percepción vestibular, relaxación, motricidade fina, estiramento de grupos musculares, exercicios de marcha e percepción táctil.

No Programa de Actividades Físicas, contamos cun Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que nos acompañará durante un ano. A súa incorporación foi posible grazas ao plan de práctica laboral 2016 da Deputación de Pontevedra.

Creación e Expresión Artística

Castro Navás incorpora a práctica e a actividade musical na súa programación diaria, apoiándose en evidencias de mellora do estado xeral das persoas con TEA, ao facilitar a linguaxe expresiva, a adquisición de habilidades sociais e motoras, a mellora a atención compartida e o desenvolvemento de habilidades de comunicación social non verbal.

O obradoiro de música configúrase como un escenario práctico compartido no que participan os rapaces que amosan interese pola música. Neste ano iniciouse o deseño dun novo programa de actividades de formación e práctica musical que se organizan en torno a tres grupos: ***Flauta, Cantantí*** e ***Orquestra Castro Navás.***

Trala finalización, ao remate do primeiro semestre do ano, da colaboración coa Escola de Música Folk e Tradicional de Vigo (ETRAD), a mestra de música, Xela Fernández, continúa formando parte do proxecto, acudindo aos ensaios todos os martes. Este ano, o xa tradicional concerto anual dos profesores e alumnos do 5º curso da ETRAD, tivo lugar o martes 16 de febrero en Castro Navás.

A Orquestra Castro Navás actuou na celebración do DMCA 2016 (Auditorio do Concello de Vigo) interpretando diferentes pezas musicais: ***Canción Chinesa, Pasodobre, Canción de San Roque, Vals de Amelie e PIPI.***

Neste ano contamos có apoio de Paula Chamorro e María Italiani que, tras un periodo de prácticas, incorporouse ao obradoiro de música para reforzar os ensaios da orquestra, durante un mes, de cara a actuación do DMCA.

Tempo de Lecer

Dende o Centro Castro Navás favorecemos e xeramos oportunidades para un tempo de lecer inclusivo. Promovemos un tempo de lecer enriquecedor para o desenvolvemento persoal e social, proporcionando recursos e apoios para que as persoas adultas poidan exercer o dereito a un ocio individual e/ou compartido en igualdade de condicións que o resto da comunidade fomentando a inclusión social.

Ao longo do 2016 participamos en actividades de proxección social diversas, entre as que destacamos:

No propio centro, a celebración de aniversarios e días sinalados como son o Día do Traballador, Día do Coidador, Día do Voluntariado e Día das Letras Galegas; a chegada do Verán, o Entroido, Magosto e as Festas de Nadal.

Tamén hai momentos para paseos saudables por Praia América, Baiona, a Virxe da Guía en Vigo e momentos de disfrute en cafeterías.

Dentro das actividades na comunidade recoller a asistencia a festas tradicionais da nosa contorna como son as festas da Arribada e da Primaveira en Baiona, e a celebración da noite de San Xoán. Tamén disfrutamos de festivais musicais e actividades culturais como exposicións de pintura, fotografías ou obras teatrais. Algúns deles foron o Festival de Cans, o Play - Doc de Tui, a 1ª Ruta Musical Sons do Casco en Baiona ou os concertos ao aire libre no Auditorio de Castrelos, a participación no Correlingua, a exposición de fotografía itinerante ASPACE e a exposición Autorretratos, Experiencias e Identidades de APAMP.

Actividade destacada neste ano foi a participación no programa “En ruta coa Depo”, xestionado a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra. Todas as persoas usuarias do centro, acompañados por 28 monitores de atención directa, gozaron, a través desta iniciativa, dun fantástico día de lecer no que se achegaron a lugares emblemáticos da provincia de Pontevedra.

Pola mañá visitamos a Granxa de Briz ou Parque dos Sentidos en Marín. Diversos instrumentos de percusión, numerosas especies frutais, xardineiras que ofrecen un fermoso contraste de cores, unha secuencia de pavimentos de diferente textura e unha variedade de especies florais que alagan o lugar de singulares cores, guiáronnos nunha viaxe polos cinco sentidos.

Tralo xantar, no que recibimos a visita da deputada de deportes, Chelo Besada, disfrutamos dunha atractiva ruta pola Senda do Lérez en Pontevedra, unha área onde abundan os carballos, os castiñeiros e a vexetación de ribeira, e onde pequenos carreiros da antiga ruta de pescadores se internas nos chamados salóns do Lérez, zonas nas que o río se remansa e discorre en calma.

Relacións Públicas

Reunións con Familias

Reunións de Familias de Castro Navás

En 2016 celebráronse dúas reunións xerais coas familias do Centro Castro Navás:

Xuntanza familias Castro Navás – Edición Verán

Información sobre as actividades de centro e proxectos salientables (2015/2016). Paula Estévez

Promoción da saúde en persoas con TEA: fisioterapia, hidroterapia e actividade física. Almudena Mellado

Duración: 2 horas. Nigrán, 23 de xuño de 2016.

Modalidade: Presencial

Participan: 28 familias

Xuntanza familias Castro Navás – Edición Nadal

Acción Formativa: A atención sanitaria en Castro Navás

Imparte: Ana Fernández (DUE, Castro Navás)

Duración: 2 horas. Nigrán, 23 de decembro de 2016

Modalidade: Presencial.

Participan: 30 familias

Reunións coa Xunta Directiva

Asociación de Familias de Castro Navás.

Ao longo do 2016 celebráronse dúas reunións na sede da Fundación coa Xunta Directiva da Asociación de Familias nas que participaron a traballadora social de Fundación Menela, Mércedes López, e a directora de Castro Navás e coordinadora de servizos, Paula Estévez.

Visitas Institucionais

En 2016 profesionais do ámbito social, educativo e sanitario, así como diferentes perfis de alumnado e familias, acercáronse a visitar as instalacións do centro, coñecer de cerca o noso traballo.

05.02.2016.– Domingo García Villamisar. Psicólogo. Universidade Complutense de Madrid. Asesor científico e consultor da Asociación Nuevo Horizonte, Las Rozas (Madrid)

20.04.2016.– Darío Basso. Asociación GESTO VGO

25.04.2016.– Asociación Maluma de O Grove

04.05.2016.– Centro "Esclavas de la Virgen Dolorosa"

11.05.2016.– Familias CEE Menela

04.06.2016.– Equipo EIPEA. Josep MªBrun, Susanna Olives e Nuria Aixandri

O traballo de todo un equipo

4

OUTROS SERVIZOS DA REDE MENELA

Contidos

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Formación e Desenvolvemento

Acción Voluntaria

Centro de Formación Menela

Proxectos Salientables

Atención Psicosocial e Apoio Familiar

Apoio e Formación a Familias. Programas de Lecer e Respiro Familiar



Desde o Servizo de Atención Psicosocial e Apoio Familiar, Menela acompaña e atende as demandas, necesidades e preocupacións das familias ao longo de todo o ciclo vital da persoa con TEA, nos diferentes contextos de referencia, facilitando o mellor asesoramento e orientación, apoios precisos e información de recursos e programas de intervención especializados.

Dentro das funcións do servizo sinalar a información e asesoramento xeral sobre distintos recursos sociais e axudas, así como nas tramitacións ante a administración, a formación a través dos encontros, reunións coas asociacións de familias, xestión e desenvolvemento de programas de respiro familiar.

Apoio e Formación Familias

Encontros con Familias

En 2016 continuaron os “Encontros con Familias”, unha iniciativa que xurde en 2013 ante a necesidade contar cun espazo onde poder compartir sentimentos e experiencias, e achegar información para unha maior comprensión do TEA. Coordinados e dirixidos pola psicóloga da Fundación Menela, Pilar Pardo, contaron coa colaboración de diferentes profesionais da entidade.

Un total de 24 familias da Rede Menela participaron en tres encontros nos que se abordaron:

Os irmáns. 28 de xaneiro; 12 asistentes. Imparte: Pilar Pardo.

Atención a saúde. 31 de marzo; 13 asistentes. Imparte: Ana Fernández.

Trastornos da alimentación. 29 de setembro; 8 asistentes. Imparte: Pilar Pardo e Lourdes Martín.

Neste ano acercámonos a Ponteareas para participar no encontro de pais e nais e abordar “A educación de nenos con TEA”: educación especializada e de calidade, participación significativa na comunidade, traballo conxunto con familias e colaboración con profesionais.

4 de novembro; 11 asistentes. Imparte: Iria Antuña e Bibiana Rodríguez.

Xuntanza de familias do Centro Castro Navás

En decembro de 2016, có motivo da xuntaza das familias do Centro Castro Navás, tivo lugar a sesión formativa “A atención sanitaria en Castro Navás” impartida por Ana Fernández, enfermeira e responsable do servizo de saúde do centro.

Na mesma participaron 30 familias e 9 profesionais da Fundación Menela.

Programas de Lecer e Respiro Familiar

Fundación Menela conta con Programas de Lecer e Respiro Familiar que brindan ás familias e coidadores habituais un tempo para diminuír a carga asociada ás tarefas de coidado, ao tempo que proporcionan as persoas con diversidade funcional experiencias lúdicas, culturais e sociais adaptadas aos seus gustos, intereses e inquedanzas, contribuíndo a súa autonomía persoal e inclusión social.

Para o desenvolvemento destes programas, a entidade contou có apoio das Administracións Públicas e as Asociacións de Familias da Fundación Menela:

Administracións Públicas

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade

A través da convocatoria de axuda con cargo a asignación tributaria do IRPF, a Fundación recibiu 12.000,00 euros destinados ao aloxamento de 71 persoas usuarias externas en Castro Navás.

Consellería de Política Social

Neste 2016, 100 persoas adultas con TEA, 74 homes e 26 mulleres, gozaron de estancias en termos de Respiro Familiar de Fin de Semana no Centro Castro Navás, financiadas cun importe de 30.681,00 euros pola Consellería de Política Social.

Concello de Vigo

Fundación Menela xestionou, un ano máis, o Programa de Respiro Familiar para Persoas con Discapacidade da Concellería de Política Social do Concello de Vigo cun importe de 8.000,00 euros.

Nas instalacións do Edificio CAMI e Castro Navás; 21 persoas con diversidade funcional empadroadas na cidade de Vigo, disfrutaron de 60 estancias:

- 14 Fundación Menela (Vigo)
- 3 ASPANAEX (Vigo)
- 1 Centro Juan María (Nigrán)
- 1 Fundación Sálvora (Vigo)
- 1 ASPAVI (Vigo)
- 1 Asociación Down Vigo (Vigo)

Turismo e Termalismo

No marco do programa de Turismo e Termalismo 2015-2016 ofertado polo IMSERSO a través da Confederación Autismo España, 13 persoas usuarias, acompañadas por unha coordinadora e seis monitores de atención especializada a persoas con TEA, disfrutaron da estancia no Hotel Carlos I Silgar en Sanxenxo entre os días 13 e 15 de maio.

Asociación de Familias da Rede Menela

As actividades de lecer dan continuidade ao programa educativo, formativo e terapéutico que se desenvolve nos centros da Rede Menela.

Actividades de verán coa colaboración da Asociación de Familias do CEE Menela

En 2016 participaron 18 alumnos na actividade Lecer Xullo, un campamento urbán que se desenvolve nas instalacións do Centro Menela en horario de mañá durante ese mes. Na localidade de O Grove (Camping Os Feitás), 15 alumnos do centro, acompañados por 7 monitores especializados, disfrutaron das actividades lúdicas do Campamento de Agosto. E, chegado o mes de setembro, 14 alumnos disfrutaron dunha fin de semana no Hotel - Spa Bosque Mar de O Grove.

Asociación de Familias de Castro Navás

Lecer Fin de Semana:

Entre os meses de febreiro e decembro realizáronse estancias de sábado e fin de semana no Edificio CAMI e Castro Navás.

En 2016 organizáronse 7 saídas de sábado e 13 de fins de semana, nas que participaron un total de 30 persoas adultas con TEA. Dentro destas, no mes de setembro, 12 usuarios acompañados por 6 monitores gozaron dunha estanza de fin de semana no Hotel - Spa Bosque Mar de O Grove.

Saídas de Semana:

Realizáronse 5 saídas, participando 25 usuarios en diferentes actividades lúdicas e culturais (ZOO de Vigo, SPA de Baiona, CINE, cafetería).

Formación e Desenvolvemento

O Plan de Formación da Fundación Menela responde as necesidades detectadas e priorizadas polos responsables dos centros e servizos, atendendo aos retos que se derivan dos Plans de Acción, requirimentos legais e necesidades emerxentes en materia formativa vinculadas a estratexias de avaliación e intervención con persoas con TEA.

No exercicio 2016 destacamos o esforzo adicado ao desenvolvemento de accións encamiñadas ao desenvolvemento do Plan Estratéxico da Fundación Menela, e a adquisición de coñecementos teóricos para comprender, facilitar apoios e intervencións específicas e de calidade ás persoas con TEA, garantindo a especialización dos equipos interdisciplinares pola directa implicación que teñen na prestación dun servizo de calidade.

Entre os temas abordados neste periodo adquiren especial relevancia as accións de desenvolvemento de competencias técnicas para o traballo eficaz de equipos, e a definición da estratexia de futuro de Menela 2020. No eido do desenvolvemento organizativo cabe destacar a formación teórica e práctica en técnicas de Auditoría de Calidade.

Na área vinculada a comprensión e intervención con persoas con TEA e discapacidade intelectual asociada e/ou persoas de alto funcionamento, sinalar a formación específica atendendo aos diferentes aspectos e tipoloxías de necesidades que se presentan en cada unha nas etapas do ciclo vital. Formación clínica no instrumento diagnóstico ADOS-2, sistemas alternativos e aumentativos da comunicación (PECS, ARASAAC), linguaxe de signos, atención específica e integral a saúde, adquisición de coñecementos e estratexias que permiten o desenvolvemento afectivo e sexual, adquisición de estratexias e apoios visuais para a autorregulación emocional e condutual ante medos e fobias, e envellecemento activo.

Os profesionais da Fundación Menela participaron nun total de 28 accións formativas específicas, recibindo un total de 1.356,5 horas de formación.

	Nº participantes	% participación
Servizos Centrais	10	10,60%
Edificio CAMI	32	14,75%
Centro MENELA	69	31,80%
Centro CASTRO NAVAS	93	42,86%

Momentos de escoita que enriquecen o saber polo autismo

Fundación Menela recibiu, os días 4 e 5 de xullo, a visita de Josep Mª Brun, Susanna Olives e Nuria Aixandri, psicoterapeutas en Centros de Desenvolvemento Infantil e Atención Precoz de Cataluña e impulsores de ***eipea***, un espazo creado có fin de promover a reflexión, a comprensión e a divulgación sobre os autismos e sobre as persoas que os viven desde as diferentes experiencias relacionais.

En torno a mesas de traballo nos centros da Rede Menela, os profesionais acercáronse aos camiños por onde transitamos, debates sobre temas de interese e actualidade, protocolos de traballo e formas de intervención desde diferentes posicións clínicas; momentos de traballo e escoita que enriquecen o saber polo autismo.

O resultado deste encontro quedou recollido nun artigo publicado no primeiro número da revista ***eipea.***

Xornada de Convivencia ao redor da Rede Menela

Fundación Menela rematou o ano coa Xornada de Convivencia, un espazo colaborativo de xestión de coñecemento. Nesta segunda edición contamos coa intervención de Carmen Molina, presidenta da Asociación Sinteno para o Lecer e a Inclusión Social, que nos acercou a súas vivencias e percepcións desde a súa propia emoción de persoa Asperger, destacando a importancia de defender que a discapacidade non debe ser tratada como un estigma e que para evitalo hai que transmitir a sociedade o valor da diversidade como elemento de crecemento e supervivencia.

Completaron a xornada o director xeral da Fundación Menela, Cipriano L. Jiménez, facendo un percorrido pola Rede de Centros da entidade e o director xerente, Jose Manuel Varela, que presentou o ***Estratexia Menela 2020***. Rematar destacando que esta segunda edición, se cabe, foi mais especial, xa que o servizo de cátering contou có talento e simpatía de Iago Fernández, alumno do Colexio Menela, para traballar neste día adicado a compartir experiencias persoais e profesionais.

17 de decembro. Centro Castro Navás

Formación Impartida

En 2016 Menela formou e asesorou a profesionais relacionados coa atención e intervención con persoas con TEA pertencentes a outras entidades, recursos, e centros educativos e universitarios cós que mantén una relación de estreita colaboración.

Neste exercicio destacar as seguintes accións:

Estratexias educativas para alumnos con Asperger
Data: 25 de xaneiro de 2016
Organiza: CEIP Manuel Suárez Marquier. O Rosal.
Impartido: 2 profesionais da Fundación Menela

Estratexias e orientacións educativas con alumnos con TEA

Data: 3 de marzo de 2016
Organiza: CEIP Plurilingüe Carballa Cabral
Impartido: 2 profesionais da Fundación Menela

Máster Avaliación e Intervención Psicopedagóxica nos Trastornos do Desenvolvemento e Atención Temperá

Data: 6 e 7 de maio de 2016
Organiza: Universidade Santiago Compostela
Impartido: 5 profesionais da Fundación Menela

Saúde e persoas con TEA
Data: 9 de xuño de 2016
Organiza: Servizo Galego de Saúde
Impartido: 1 profesional da Fundación Menela

Máster Necesidades Específicas de Apoio Educativo
Data: 4 , 7 e 10 de novembro de 2016
Organiza: Universidade de Vigo
Impartido: 2 profesionais da Fundación Menela

Máster de Atención Temperá
Data: 25 e 26 de novembro de 2016
Organiza: Universidade de Santiago de Compostela
Impartido: 4 profesionais da Fundación Menela

Estratexias educativas con alumnos con TEA

Data: 11 de novembro de 2016
Organiza: CEFORE. Colexio Fonteoscura.
Impartido: 2 profesionais da Fundación Menela

O traballo de persoas adultas con TEA. Castro Navás

Data: 2 de decembro de 2016
Organiza: Centro Juan María e Concello de Nigrán
Impartido: 2 profesional da Fundación Menela

Formación en Réxime de Prácticas

Xerar e compartir coñecemento é un elemento prioritario para a Fundación motivo polo que, ao longo do 2016, acolleu nos centros a estudantes en prácticas en virtude aos convenios establecidos con diferentes entidades.

Sede Central

▪ Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa. UVIGO
1 persoa do 7.03.2016 ata o 7.06.2016

Centro de Educación Especial Menela

▪ CEIP San José de la Guía (Módulo superior de integración social) 1 persoa do 15.09.2015 ata o 26.02.2016
▪ Colexio Aloya (Módulo superior de integración social) 1 persoa do 16.09.2015 ata o 18.03.2016.
▪ IES Chapela
Módulo de atención a persoas en situación de dependencia.1 persoa do 21.09.2015 ata o 22.12.2016
▪ Autismo Madrid. Máster do Trastorno do Espectro do Autismo. 1 persoa desde o 23.01.2016 ata o 31.03.2016
▪ VI Máster en Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo (USC)
1 persoa do 4.04.2016 ata o 29.04.2016
▪ Máster de Psicoloxía da Educación (USC) 1 persoa desde o 1.04.2016 ata o 13.05.2016
▪ Practicum Grao de Psicoloxía (USC). 1 persoa do 11.04.2016 ata o 27.05.2016

Centro de Día e Residencial Castro Navás

▪ Plan de Práctica Laboral 2016. 1 Grao Ciencias da Actividade Física e do Deporte do 16.11.2015 ata 14.11.2016
▪ CEIP San José de la Guía. FCT Ciclo Formativo de Grao Superior de Integración Social.
1 persoa do 15.09.2015 ata o 4.03.2016
▪ IES María Soliño. Técnico Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas,
1 persoa do 4.04.2016 ata o 17.06.2016
▪ Prácticum Grao Psicoloxía (UNED). 1 persoa do 15.02.2016 ata o 4.05.2016
▪ Inserción Laboral de Persoas con Discapacidade. 1 persoa do 3.10.2016 ata o 21.11.2016.
▪ Educación Social (UNED). 1 persoa do 21.11.2016 ata o 13.12.2016.

Acción Voluntaria

Promoción do Voluntariado na Rede Menela

Fundación Menela está inscrita como Entidade de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia desde o ano 2005.

O voluntariado e a formación en prácticas sempre estivo presente na Rede Menela, realizando actividades de apoio na atención directa e acompañamento nas actividades de lecer e respiro familiar. Baixo a coordinación xeral da área psicosocial, a organización e xestión do programa de voluntariado recae nos responsables dos centros e servizos aos que se adscriben.

▪ Atención Temperá e Apoio Integral

Clube Ocio. Unha persoa voluntaria desenvolve actividades de lecer cun grupo de 9 rapaces con Síndrome de Asperger cunha frecuencia quincenal.

Accesibilidade Cognitiva. Desde 2016 contamos cunha voluntaria para a elaboración de material pictográfico.

▪ Centro de Educación Especial Menela

Continúa a colaboración no Proxecto de Acción Social do Colexio Miralba de Vigo no que participaron 3 alumnos de bacharelato na hora extraescolar.

▪ Centro de Día e Residencial Castro Navás

Seis persoas participaron como voluntarias nas actividades do centro ao longo do 2016.

Centro de Formación Menela

Fundación Menela conta cun Centro de Formación, abicado no Edificio CAMI, inscrito no rexistro da Rede de Centros e Entidades para o emprego co número 36H01439 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

No Centro de Formación Menela impartíronse, ao longo do ano 2016, dous cursos de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, no marco da convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente as persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Título: Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais.

Datas: 14/9 - 15/12

Lugar: Edificio CAMI

Duración: 493 horas

Nº de alumnos : 13 e 12 alumnos

Lugar de realización de prácticas: Residencia Sanitas e Geriatros (Vigo, Bembrive, Barreiro)

Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Concello de Nigrán

Proxectos Salientables

Integración Sensorial en nenos e nenas con TEA

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión de 12 de agosto de 2016 dita resolución pola que se outorga unha subvención de 5.853,00€ á Fundación Menela, para desenvolver o proxecto Integración Sensorial en nenos e nenas con Trastorno do Espectro do Autismo.

As persoas con autismo teñen un mundo perceptivo moi distinto. Posúen experiencias sensoriais perceptivas inusuais, dende o punto de vista do desenvolvemento típico, que poden ocasionar híper ou hiposensibilidade, variacións na percepción ou dificultades no momento de interpretar a información obtida a través dun sentido. Estas experiencias baséanse en experiencias reais, pero poden parecer, soar ou ser sentidas de xeito diferente.

Integración Sensorial abrangueu o traballo con 34 nenos do Servizo de Atención Temperá e Apoio Integral, abordándose as experiencias sensoriais perceptivas que presentan as persoas con TEA (hiper ou hiposensibilidade, inconsistencia perceptiva, percepción fragmentada, distorsionada, retardada e vulnerabilidade á sobrecarga sensorial), có obxectivo de facilitar estratexias para aprender a interpretar e integrar os estímulos que se reciben a través dos sentidos, desenvolver habilidades funcionais para participar en actividades ocupacionais da vida diaria e ampliar o coñecemento do mundo.

Boas prácticas en atención sanitaria e no coidado da saúde

Fundación Menela desenvolveu en 2016 un conxunto de programas atendendo ao compromiso de contribuír a que as persoas con TEA poidan beneficiarse dunha atención sociosanitaria de calidade que teña en conta as súas características e o desafío que o contexto sanitario supón para elas.

Promoción e Prevención da Saúde Bucodental en Persoas con TEA

Con data 22 de agosto de 2016 a Consellería de Sanidade dita resolución pola que se outorga unha subvención de 8.304,70€ á Fundación Menela para o programa Promoción e Prevención da Saúde Bucodental en Persoas con TEA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

A alta incidencia e prevalencia de patoloxías orais, unida a especificidade do TEA e a falta de servizos específicos de odontoloxía na provincia de Pontevedra, motivaron o programa de Promoción e Prevención da Saúde Bucodental para Persoas con TEA usuarias da Rede Menela.

O programa desenvolverse entre os días 1 de xuño e 15 de outubro, abordando a procura de información e formación sobre saúde oral a familias e profesionais de atención directa, mellora de hábitos e comportamentos para a promoción da saúde bucodental e procesos de desensibilización ás exploracións bucodentais có obxectivo de diminuir a incidencia e prevalencia de patoloxías orais, contribuíndo ao benestar físico e a mellora da calidade de vida das persoas con autismo.

Plan Práctica Laboral 2016. Deputación de Pontevedra

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión celebrada o 8 de abril de 2016 aproba a execución do desenvolvemento do Plan de Práctica Laboral na Fundación Menela. Esta colaboración facilitou a incorporación de David Rial, Grado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, responsable de dar continuidade ao programa de actividades físicas do Centro Castro Navás.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Programa de Mellora de Habilidades Sociais e Promoción da Saúde

Fundación Menela recibiu unha subvención, por un importe de 49352.80€, dirixida a contratación de 5 mozos desempregados inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Programa Operativo de Emprego Xuvenil)

Durante un periodo de sete meses desenvolveuse o Programa de intervención de mellora de habilidades sociais e promoción da saúde dirixido a 54 persoas adultas con TEA do Centro Castro Navás.

As áreas mais significativas de intervención e apoio estiveron relacionadas con competencias comunicativas e de linguaxe, promovendo o uso de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación, as habilidades sociais e de interacción persoal, a autonomía persoal nas actividades da vida cotiá, a promoción de hábitos de vida saudables, a regulación da conduta, a promoción da autodeterminación e o impulso do envellecemento satisfactorio das persoas adultas con TEA.

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA

Educación Permanente para persoas adultas con TEA

Educación de adultos con autismo

Programa enfocado a orientación e preparación para a inserción laboral

O programa de educación dirixido a 18 persoas adultas con TEA, promovido polo Centro Español do Autismo e financiado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, executouse no Centro Castro Navás e na Asociación Nuevo Horizonte (Las Rozas, Madrid) durante o primeiro semestre do ano, dando continuidade aos programas "Promoción do desenvolvemento integral de persoas adultas con autismo, a través dun programa de educación permanente" e "Programas de intervención orientados a calidade de vida e ao benestar" executados en 2014 e 2015, respectivamente.

Orientado a estimulación cognitiva e executiva na vida diaria para a mellora da calidade de vida e benestar persoal, as actividades deron continuidade ás realizadas no periodo anterior, poñendo especial énfase na rehabilitación de funcións executivas vinculadas á vida diaria, estimulación cognitiva coa activación e enriquecemento da atención e memoria, mellora da competencia social e emocional a través de programas e-learning de historias sociais e estimulación socio-emocional, e fomento do emprego con apoio a través dun programa de realidade virtual

Aportando Valor,
Formación na empresa ordinaria de persoas con TEA

Fundación Menela recibiu, por segundo ano consecutivo, o apoio de Bankia no marco do programa Red Solidaria 2016, por un importe de 7875 euros, para desenvolver "Aportando Valor", un proxecto de formación en habilidades sociolaborais dirixido a 8 persoas adultas con TEA con competencias para adaptarse ao posto de traballo de auxiliar de cociña.

Bankia
en·acción
la huella social de bankia

A colaboración da empresa Alprinsa-Ausolán, responsable do cátering do Centro Castro Navás, fixo posible a inclusión nun medio ordinario de traballo, incidindo na aprendizaxe de habilidades sociolaborais e procesos de traballo centrados en tarefas de auxiliar de cociña, seguridade e manipulación de alimentos; aspectos que promoven o desenvolvemento profesional, e inciden postivamente na autonomía e independencia persoal.

Esta iniciativa implica un compromiso social compartido, có que logramos produtivas todas as potencialidades, motivación, fiabilidade, resistencia e tenacidade das persoas con TEA.

Programa para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Vigo financiou, no marco do programa para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro 2016, o proxecto da Fundación Menela "Apoio ás Persoas con Trastorno do Espectro do Autismo"

Fundación Menela recibiu o apoio do Concello de Vigo, cun importe de 17.684,49 euros, para a contratación de persoal, o que permitiu desenvolver Apoio ás Persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, un proxecto que ten a finalidade de contribuir á mellora da calidade de vida das persoas con TEA tanto a nivel psíquico, físico e social, como na súa contorna.

Durante un periodo de tres meses, Fundación Menela contou cunha Diplomada en Traballo Social, un Monitor Deportivo, unha Coidadora de persoas con TEA e un Peón de Mantemento, perfis profesionais especializados que, desde as diferentes áreas, traballaron na información, orientación e asesoramento a persoas con TEA e familiares; deseño de proxectos de captación de fondos; mellora das capacidades físicas e motoras das persoas con TEA; mantemento, reparación e mellora das instalacións da fundación, para proporcionar unha contorna mais saudable para as persoas con TEA e contribuír a mellorar a súa calidade de vida.

Unha organización aberta e sostible

5

SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E VISIBILIDADE

Contidos

Día Internacional da Síndrome de Asperger

Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

18 febrero | Día Internacional da Síndrome de Asperger

Coñecer para Comprender

